

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0014	Expresión e comunicación	2018/2019	7	213	213

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA JOSÉ VILAR MAGÁN
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación realízase para o módulo de EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN, pertencente ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Educación Infantil; tomado como referencia o Decreto 226/2008 polo que se establece o título de Técnico superior en educación infantil e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro.

Perfil profesional do título:

O perfil profesional do título de técnico superior en educación infantil determinase pola súa competencia xeral, polas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións de Unidades de Competencia do Catálogo nacional de Cualificacións profesionais incluídas no título.

Competencia xeral:

A competencia xeral deste título consiste en deseñar, por en práctica e avaliar proxectos e programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Competencias profesionais, persoais e sociais:

- Programar a intervención educativa e de atención social á infancia a partir das directrices do programa da institución e das características individuais, do grupo e do contexto.
- Organizar os recursos para o desenvolvemento da actividade respondendo ás necesidades e ás características dos nenos e das nenas.
- Desenvolver as actividades programadas empregando as estratexias metodolóxicas e os recursos apropiados, e creando un clima de confianza.
- Deseñar e aplicar estratexias de actuación coas familias, no marco das finalidades e os procedementos da institución, para mellorar o proceso de intervención.
- Responder ás necesidades dos cativos e das cativas, así como das familias que requiran a participación de profesionais ou servizos, utilizando os recursos e os procedementos axeitados.
- Actuar ante continxencias relativas ás persoas, aos recursos ou ao medio, transmitindo seguridade e confianza, e aplicando, de ser o caso, os protocolos de actuación establecidos.
- Avaliar o proceso de intervención e os resultados obtidos, elaborar e xestionar a documentación asociada ao proceso, e transmitir a información co fin de mellorar a calidade do servizo.
- Manter actualizados os coñecementos científicos e técnicos relativos á propia actividade profesional, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida.
- Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e na realización de actividades, con respecto polas liñas pedagóxicas e de actuación da institución en que se desenvolva a actividade.
- Manter relacións fluídas cos nenos e as nenas, coas súas familias, cos membros do seu grupo e con outro persoal profesional, amosando habilidades sociais e capacidade de xestión da diversidade cultural, e achegar solucións para os conflitos que se presenten.
- Xerar contornos seguros, respectando a normativa e os protocolos de seguridade na planificación e no desenvolvemento das actividades.
- Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que deriven das relacións laborais, consonte o establecido na lexislación.
- Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.
- Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo da viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.
- Participar na vida económica, social e cultural cunha actitude crítica e de responsabilidade.

O módulo de Expresión e comunicación está asociado á unidade de competencia:

UC1031_3: Desenvolver os recursos expresivos e comunicativos do neno e da nena como medio de crecemento persoal e social.

Isto nos permitirá traballar de cara a conseguir o rol do posto de traballo propio de este ciclo formativo que se traducirá en formar aos técnicos e técnicas en educación infantil no manexo de linguaxes e sistemas de comunicación na etapa de 0 a 6 anos, así como nas técnicas, recursos e estratexias necesarias para intervir nos diferentes ámbitos profesionais do perfil do técnico.

No desenvolvemento do módulo o alumnado analizará e valorará a comunicación e expresión como medio de enriquecemento personal e profesional, desenvolvendo proxectos de intervención que favorezan o desenvolvemento global dos nenos e nenas de 0 a 6 anos no ámbito



expresivo e comunicativo, tendo en conta a análise do contexto e características do grupo para a intervención educativa; recursos e estratexias técnicas e instrumentos de avaliación, que favorezan o desenvolvemento expresivo e comunicativos dos nenos e nenas na etapa infantil.

No ámbito productivo os técnicos superiores en educación infantil exercerán a súa actividade no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables nos que desenvolven a súa actividade son:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Expresión comunicación e linguaxe nos nenos e nenas de 0 a 6 anos	Nesta Unidade estudaránse as pautas básicas para a análise de situacións comunicativas que favorezan o desenvolvemento evolutivo da comunicación e a linguaxe nos nenos e nenas de 0 a 6 anos, empregando estratexias básicas para detectar e analizar as principais alteracións na comunicación na etapa infantil.	36	17
2	Recursos e estratexias para a expresión: A literatura infantil na etapa de 0 a 6 anos	Analizar, os recursos literarios ao longo da historia e na actualidade, as súas características, estratexias e recursos para o seu traballo na etapa infantil. Selección de recursos literarios para as diferentes idades na etapa de 0 a 6 anos, para a manipulación, lectura, narración e biblioteca escolar	40	18
3	Recursos e estratexias para a expresión xestual e corporal na etapa infantil	No estudo da unidade se pretende que o alumnado acadese recursos e estratexias para que os nenos e nenas da etapa infantil desenvolvan as posibilidades da expresión xestual e corporal do propio corpo desenvolvendo a súa capacidade como medio de expresión e comunicación.	28	13
4	Recursos e estratexias para a expresión plástica na etapa infantil	Ao longo da unidade o alumnado adquirirá a formación para proporcionar aos nenos e nenas de 0 a 6 anos recursos e estratexias para o desenvolvemento da expresión plástica como vehículo para a expresión de sentimentos, emocións, e desenvolvemento da creatividade, a través da planificación de pequenos proxectos de expresión nos que se traballen recursos e técnicas adaptadas a cada etapa, poñendo aos nenos e nenas en contacto coa arte de diferentes etapas.	31	15
5	Recursos e estratexias para a expresión rítmico musical na etapa infantil	Se pretende estimular o desenvolvemento de habilidades e destrezas que favorezan as manifestacións musicais, formando ao alumnado no desenvolvemento de capacidades vinculadas a percepción sonora, a través de instrumentos, o canto, movementos corporais, escoita activa, e manipulación e xogos coa música nas diferentes etapas de 0 a 6 anos.	31	15
6	Recursos e estratexias para a expresión lóxica matemática na etapa infantil	Selección e análise, deseño e planificación de recursos e estratexias para o desenvolvemento da linguaxe lóxica matemática en nenos e nenas de 0 a 6 anos.	27	13
7	Deseño de actividades e proxectos para a expresión e a comunicación	Nesta unidade se deseñarán e planificarán pequenos proxectos integradores dos diferentes medios de expresión estudados ao longo do curso de xeito globalizador, empregando os recursos, estratexias, técnicas e actividades, así como instrumentos de avaliación para o desenvolvemento dos diferentes linguaxes expresivos na etapa de 0 a 6 anos.	20	9



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Expresión comunicación e linguaxe nos nenos e nenas de 0 a 6 anos	36

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixan.	NO
RA3 - Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Analizáronse as teorías sobre a relación entre a linguaxe e o pensamento en cativos e cativas de cero a seis anos.
CA1.3 Analizáronse as teorías da adquisición da linguaxe en nenos e nenas de cero a seis anos.
CA1.7 Valorouse a expresión como elemento esencial para a observación do desenvolvemento infantil.
CA3.2 Realizáronse as actividades de desenvolvemento da expresión oral axustándose á planificación temporal.
CA3.4 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión oral en cativos e cativas.
CA3.6 Identificáronse os principais trastornos e as alteracións máis salientables no desenvolvemento da expresión oral.
CA3.8 Valorouse a importancia de respectar a lingua materna dos pequenos e das pequenas.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

4.1.e) Contidos

Contidos
Expresión e comunicación.
Enfoques teóricos da adquisición da linguaxe
Pautas para a análise de situacións comunicativas.
Bilingüismo e diglosia.
Desenvolvemento expresivo e comunicativo no cativo ou na cativa.
Análise das principais alteracións da expresión oral.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento dos pequenos e das pequenas.
Utilización e valoración das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación infantil.
Observación do desenvolvemento lingüístico dos cativos e das cativas.



Contidos

Programas de intervención en situacións de bilingüismo e diglosia.

Principais estratexias para o desenvolvemento da expresión oral na infancia.

Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento da expresión oral.

A lingua galega como medio de comunicación e expresión na educación infantil.

Respecto pola lingua materna dos cativos e das cativas.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Recursos e estratexias para a expresión: A literatura infantil na etapa de 0 a 6 anos	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA3 - Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícaronse as características do recurso.
CA2.3 Xustificáronse as posibilidades didácticas e o valor educativo dos recursos seleccionados en galego e en castelán.
CA2.4 Descríbense as normas de seguridade aplicables a cada recuso.
CA2.5 Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA2.8 Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.
CA3.4 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión oral en cativos e cativas.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA4.4 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.

4.2.e) Contidos

Contidos
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Criterios para a selección e a utilización de literatura infantil, recursos audiovisuais e materiais multimedia en galego e en castelán.
Biblioteca infantil e outros espazos de animación á lectura na educación formal e non formal.
Principais estratexias para o desenvolvemento da expresión oral na infancia.
Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento da expresión oral.



Contidos
A lingua galega como medio de comunicación e expresión na educación infantil.
Utilización do folclore popular galego como vehículo de expresión oral na infancia.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Recursos e estratexias para a expresión xestual e corporal na etapa infantil	28

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícaronse as características do recurso.
CA2.4 Descríbense as normas de seguridade aplicables a cada recurso.
CA2.5 Defínense os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.5 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

4.3.e) Contidos

Contidos
Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.
Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Recursos e estratexias para a expresión plástica na etapa infantil	31

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícaronse as características do recurso.
CA2.4 Descríbense as normas de seguridade aplicables a cada recuso.
CA2.5 Defínense os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.5 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
CA4.11 Valoráronse as expresións de aproximación á linguaxe gráfica.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.



Contidos

Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Recursos e estratexias para a expresión rítmico musical na etapa infantil	31

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícaronse as características do recurso.
CA2.4 Descríbense as normas de seguridade aplicables a cada recurso.
CA2.5 Defínense os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.5 Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.
Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Recursos e estratexias para a expresión lóxica matemática na etapa infantil	27

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.2 Identifícaronse as características do recurso.
CA2.4 Descríbense as normas de seguridade aplicables a cada recurso.
CA2.5 Defínense os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.
Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Deseño de actividades e proxectos para a expresión e a comunicación	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Planifica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación en relación coas características individuais e do grupo a que se dirixan.	NO
RA2 - Selecciona recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas, e relaciona as súas características co momento evolutivo das persoas destinatarias.	NO
RA3 - Pon en práctica estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral en relación cos obxectivos previstos.	NO
RA4 - Pon en práctica actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal en relación cos obxectivos previstos e coas estratexias e os recursos apropiados.	NO
RA5 - Avalía o proceso e o resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación, e argumenta as variables salientables e os instrumentos de avaliación	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características dos tipos de expresión en función da idade das persoas destinatarias.
CA1.4 Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades e definíronse espazos favorecedores do desenvolvemento da expresión e a comunicación adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.5 Estableceuse unha distribución temporal das actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación para se adaptar ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA1.6 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para a expresión e a comunicación infantil.
CA2.1 Identifícanse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.
CA2.5 Definíronse os criterios salientables que en cada recurso permitan a selección.
CA2.6 Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.
CA2.7 Valorouse a importancia de adecuar os recursos ás características evolutivas dos cativos e das cativas.
CA3.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA3.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.
CA3.5 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.
CA3.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
CA3.9 Valorouse a coherencia da realización das actividades coa planificación.
CA3.10 Identifícanse os trastornos máis comúns e as alternativas de intervención.
CA4.1 Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.
CA4.2 Realizáronse as actividades axustándose á planificación temporal.
CA4.3 Preparáronse os recursos materiais propios da actividade.



Criterios de avaliación
CA4.4 Fíxéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.
CA4.6 Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.
CA4.7 Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.
CA4.8 Valorouse a coherencia entre a realización das actividades e a planificación.
CA4.9 Respondeuse ante as continxencias.
CA4.10 Xeráronse contornos de intervención seguros.
CA5.1 Seleccionáronse os indicadores de avaliación.
CA5.2 Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.
CA5.3 Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.
CA5.4 Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.
CA5.5 Rexistráronse os datos derivados da avaliación no soporte establecido.
CA5.6 Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación.
CA5.7 Identificáronse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
CA5.8 Elaborouse a documentación dirixida ás familias e a outro persoal profesional.
CA5.9 Identificáronse as causas dunha intervención non adecuada.

4.7.e) Contidos

Contidos
Creatividade infantil nas diferentes linguaxes.
Recursos didácticos e aplicacións características para o desenvolvemento da expresión oral, corporal, lóxico-matemática, plástica, gráfica e musical.
Organización dos recursos para a expresión e a comunicación na aula.
Estratexias para o desenvolvemento da expresión a través da creatividade.
Elaboración de materiais favorecedores do desenvolvemento.
Valoración dos modos de expresión dos cativos e das cativas.
Avaliación de programas de intervención no ámbito da expresión e da comunicación con pequenos e pequenas.
Valoración da importancia da avaliación como recurso para a mellora da intervención.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Minimos esixibles

RA.1. Planificación de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e da comunicación.

-Identifícanse as características dos tipos de expresión en función da idade das persoas destinatarias.

- Formuláronse obxectivos, propuxéronse actividades e definíronse espazos favorecedores do desenvolvemento da expresión e a comunicación adecuados ás características evolutivas dos cativos e das cativas.

-Estableceuse unha distribución temporal das actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión e a comunicación para se adaptar ás características evolutivas dos cativos e das cativas.

RA.2. Selección de recursos de expresión e comunicación dirixidos aos nenos e ás nenas.

-Identifícanse os recursos das formas de expresión e de comunicación dirixidos á poboación infantil.

-Xustificáronse as posibilidades didácticas e o valor educativo dos recursos seleccionados en galego e en castelán.

-Relacionouse o momento evolutivo do cativo ou da cativa coas características do recurso seleccionado.

-Valorouse a necesidade da biblioteca infantil como recurso para o desenvolvemento da expresión e da comunicación dos nenos e das nenas de cero a seis anos.

RA.3. Posta en práctica de estratexias e actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión oral.

-Organizáronse os espazos en función da actividade e das características do grupo.

-Realizáronse as actividades de desenvolvemento da expresión oral axustándose á planificación temporal.

-Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais no desenvolvemento da actividade.

-Identifícanse os principais trastornos e as alteracións máis salientables no desenvolvemento da expresión oral.

-Valorouse a importancia de respectar a lingua materna dos pequenos e das pequenas.

RA.4. Posta en práctica de actividades favorecedoras do desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal.

-Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades para o desenvolvemento da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal na infancia.

-Elaboráronse materiais que potencien a adquisición e o desenvolvemento da expresión plástica, gráfica, rítmico-musical e corporal na infancia.

-Respectáronse os ritmos e as necesidades individuais.

-Seleccionáronse estratexias de intervención promotoras dun clima de afecto e confianza.

RA.5. Avaliación do proceso e do resultado da intervención realizada no ámbito da expresión e da comunicación.

-Seleccionouse o instrumento de avaliación apropiado ás características individuais e á idade do neno ou da nena.

-Elaboráronse instrumentos de observación no seguimento da evolución expresiva e comunicativa dos pequenos e das pequenas.

-Aplicouse o instrumento de avaliación seguindo o procedemento correcto.

-Interpretouse a información recollida do proceso de avaliación.

* Observación da expresión oral, plástica, gráfica, rítmico-musical, lóxico-matemática e corporal nos nenos e nas nenas.

* Instrumentos de observación da expresión e da comunicación nos cativos e nas cativas: deseño e selección.

* Avaliación de programas de intervención no ámbito da expresión e da comunicación con pequenos e pequenas.

* Valoración da importancia da avaliación como recurso para a mellora da intervención.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:



Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno a través da observación directa do traballo na aula, que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe, este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación establecidos para as diferentes unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

OS CONTIDOS MÍNIMOS para acadar a avaliación positiva no presente módulo están representados na realización como mínimo do 70% das actividades de ensino e aprendizaxe. O alumno evidenciará a consecución de todos os resultados de aprendizaxe do módulo dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nas tarefas e actividades a desenvolver. Asemade dado que se trata de ensinanzas presenciais e coa excepción de que por experiencia laboral, sexa este módulo susceptible de exención, o alumno deberá asistir regularmente as actividades programadas. Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas(axustificación das mesmas farase con arreglo ao establecido no NOF do centro a tal efecto).

Ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, aplicarase a RESOLUCIÓN do 24 de Xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/2019

Na disposición cuarta: O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo realizarase unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos, que permitirá ao alumnado realizar a proba final extraordinaria con anterioridade a realización da FCT.

O profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas. Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establececese para o módulo un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

As actividades de avaliación serán elixidas entre as previstas como actividades de ensino aprendizaxe para cada unidade de traballo, e daranse indicacións precisas sobre aquelas que deba realizar, constituíndo o marco guía para a propia avaliación do alumno/a.

O proceso de avaliación concrétese en:

Avaliación inicial, que se desenvolverá mediante cuestionarios, debates, visionado de videos, lectura de artigos, etc. relacionados cos contidos de cada unidade didáctica, e que servirán para que os alumnos/as poñan de manifesto os coñecementos sobre os mesmos, establecendo deste xeito o punto de partida do proceso de ensino aprendizaxe de cada unidade.

Avaliación formativa, que se levará a cabo ao longo do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe coa avaliación sistematizada das aprendizaxes acadadas nas diferentes unidades didácticas mediante probas escritas e a avaliación das diferentes actividades desenvolvidas ao longo do proceso, empregando diferentes instrumentos como listas de cotexo nos que se especifican os criterios de avaliación que se empregarán para a cualificación da actividade.

Avaliación sumativa (ó final do proceso de ensino e aprendizaxe do módulo). Que se levará a cabo tendo en conta a avaliación acadada nas diferentes probas escritas, tarefas, proxectos e actividades desenvolvidas ao longo do curso, así como a actitude demostrada no desenvolvemento das mesmas, que se valorará cos escala de valoración actitudinal adxunta mais adiante.

As probas escritas desenvolvidas ao longo do curso poderán constar de cuestionarios tipo test, de resposta restrinxida ou desenvolvemento de supostos ou actividades prácticas referidas a materia traballada ao longo do curso.

Na cualificación das tarefas e actividades desenvolvidas polo alumnado teranse en conta criterios como:

- Participación activa do alumno no desenvolvemento dos talleres
- Manexo de materiais e instrumentos (ordenación e observación das normas de uso), orientación no mesmo,
- Observación das normas de seguridade e hixiene (limpeza e recollida do material).
- Puntualidade, aportación de material en caso de ser requirido, dedicación no traballo, ritmo de elaboración e actitude positiva ante o traballo.

Actuación do alumno nas actividades individuais: Para a súa valoración se terán en conta os criterios de avaliación requiridos polo profesor nas



diferentes actividades a desenvolver. Así mesmo valorarase:

-Dificultade do traballo, nivel de consecución dos criterios de avaliación requiridos.

-Adecuación do traballo o tempo previsto,

-Calidade no acabado, dominio da técnica,

-Orixinalidade e creatividade,

-Adaptación ao ámbito da educación infantil requirido.

-Elección axeitada dos materiais.

Traballos de grupo: Valorarase:

- Nivel de competencia amosada no desenvolvemento da actividade ou proxecto desenvolvido, nivel de adecuación aos criterios de avaliación requiridos para a actividade ou proxecto traballado.

-Análise crítico,

-Bibliografía consultada,

-Presentación e estilo,

-Actitude positiva ante o traballo,

-Aplicación das aprendizaxes traballados no desenvolvemento da unidade,

-Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento da actividade, así como na súa presentación ante os compañeiros, no caso de que o profesor así o requira.

Queda a criterio do profesor calificar aos distintos membros dun equipo de traballo cunha nota diferente, se estima que a súa participación e aproveitamento no desenvolvemento da actividade é diferente.

Exposicións: Valorarase

-Ordenación dos contidos a presentar, claridade e corrección da exposición, síntese e análise dos contidos expostos),

-Emprego de diferentes recursos e exemplos,

-Presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta no turno de preguntas.

-Emprego e dominio de recursos TIC

Coloquios: Valorarase:

- Grado de participación nas intervencións, aportación de opinións coherentes e reflexionadas.

-Actitude de respecto fronte a opinión dos compañeiros,

-Capacidade de síntese e sentido crítico ante a información.

Probas escritas: Valorarase

-Nivel de adquisición das aprendizaxes traballados en cada unidade didáctica

--Emprego dun linguaxe claro e preciso, capacidade de valorar suizos (xustificando as afirmacións desenvolvendo unha actitude crítica),

-Capacidade de relacionar conceptos, técnicas e materiais (analizando semellanzas e diferenzas), e capacidade de análise e síntese.

Se o profesor estima que en algún caso o aproveitamento e participación por parte de un alumno/a non é o axeitado, ou ben por non asistir a clase debidamente xustificada a asistencia, ou non levar a cabo determinadas actividades, este poderá pedir aos alumnos/ que o considere tarefas complementarias.

Todas as tarefas e actividades programados teñen carácter obrigatorio, e deberán levarse a cabo nas sesións estipuladas e baixo a supervisión do profesor.

Para superación positiva do módulo e necesaria a presentación e avaliación positiva, con unha cualificación mínima de 5, de todas as actividades e probas escritas plantexadas o longo do curso.

A avaliación das actividades e obradoiros propostos ao longo do curso levarase a cabo a través da observación do proceso de elaboración desenvolvido na aula, información recollida en diferentes escalas de estimación numérica elaboradas para cada actividade ou taller nos que se valorarán, ademais dos requerimentos específicos para cada actividade os criterios xerais establecidos anteriormente.

Atendendo ao respecto polos diferentes ritmos de aprendizaxe, aqueles alumnos que de xeito voluntario desenvolvan actividades complementarias a formación de carácter voluntario propostas tanto polo profesor como polo alumnado, en relación directa cos aprendizaxes do módulo, poderán incrementar a cualificación global da práctica do módulo segundo o establecido previamente polo profesor atendendo as características das



actividades desenvolvidas.

A cualificación de cada avaliación obterase atendendo aos seguintes criterios

O 45% da cualificación corresponderá as probas escritas.

O 45% da cualificación corresponderá as tarefas propostas nas diferentes unidades didácticas obtidas mediante escalas de estimación.

Para acadar unha cualificación de 5 ou superior a 5 nas diferentes avaliacións o una cualificación final, a cualificación obtida nas probas escritas e nas tarefas propostas debe ser en ambas de 5 ou superior a 5.

O 10% de cualificación restante obterase mediante una escala de avaliación, ANEXO I, coa que se cualificará a actitude do alumno no desenvolvemento do proceso de ensianza aprendizaxe, e que se valorará trimestralmente.

ANEXO I

ESCALA DE AVALIACIÓN ACTITUDINAL

- Rendimento no desenvolvemento das actividades
- Aportación de materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades
- Cumplimento dos prazos de entrega das actividades
- Participación activa nas actividades
- Interés polas actividades desenvolvidas
- Colaboración e participación co grupo de traballo
- Colaboración na recollida e limpeza dos materiais
- Axeitada posta en práctica e manexo das diferentes técnicas e recursos requeridas en cada taller
- Participación e escoita activa no desenvolvemento das clases
- Mostra de iniciativa na proposta e desenvolvemento de actividades
- Boa disposición ante o aprendizaxe
- Búsqueda e aportación ao grupo de información e recursos complementarios aos contidos do módulo

Cada un dos ítems da escala valoraránse segundo a cualificación seguinte:

- 1 . Non cumpre os requisitos mínimos
- 2 . Cumpre os requisitos mínimos con dificultade
- 3 . Cumpre os requisitos mínimos
- 4 . Cumpre os requisitos mínimos con éxito

Todos aqueles alumnos que non superen algunha das probas escritas ou actividades prácticas desenvolvidas ao longo do curso deberán desenvolver unha proba final extraordinaria ao final do módulo, na que deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5. Coa cualificación obtida nesta proba obterase a nota final do módulo.

A cualificación final do módulo obterase do seguinte xeito:

A cualificación obtida na 1º avaliación suporá o 25% da nota final.

A cualificación obtida na 2º avaliación suporá o 35% da nota final.

A cualificación obtida na 3º avaliación suporá o 40% da nota final.

Aqueles alumnos, que de xeito voluntario, desexen obter unha puntuación superior a obtida na media, poderán desenvolver actividades complementarias que o profesor valorará e cualificará en función da complexidade da mesma, comunicando ao alumno previamente a puntuación máxima da mesma.

Ao longo do curso se oferta ao alumnado de xeito voluntario a posibilidade de presentar ao grupo clase diferentes lecturas relacionadas coas aprendizaxes do módulo, ou de interese para o seu futuro profesional. Cada presentación de bibliografía se puntuará cunha escala de estimación na que se valorará:

- Iniciativa e autonomía na búsqueda e planificación da actividade/ Xustificación da selección da lectura de interese para o módulo ou o perfil de educador infantil
- Magnitude dos contidos presentados/ Presentación de diferentes artigos ou lecturas, correspondencia e relación dos diferentes contidos/Dominio dos contidos presentados



-Capacidade de síntese e análise das lecturas presentadas/ Opinión fundamentada e reflexionada/Presentación de conclusións e sentido crítico.
-Formato de presentación/ Emprego de soportes TIC personalizados

Nas presentacións nas que o alumnado acade unha cualificación superior ao 7 sobre 10, esta suporá un incremento de 0.10 puntos na cualificación final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que o alumno/a acceda a segundo curso con este módulo pendente, o alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por ter este módulo pendente poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seránlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

En ambos casos realizarase un informe de avaliación individualizado. (MD.75.AVA.01 do procedemento de Avaliación PR.75.AVA.01)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá nunha proba teórica práctica sobre os contidos do módulo, na que o alumno deberá acadar unha cualificación mínima de 5 puntos.

Sinalar que para o alumnado con perda do dereito á avaliación continua, terase en conta tal e como establece o artigo 25.3 da Orde do 12 de xullo de 2011:

- O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

- O alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial salvo en actividades que impliquen riscos tal e como establece a normativa vixente no seu artigo 25.4

- O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que teñan perdido o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións.

A este respecto e para informar ao alumnado o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicarse que perderá o dereito á avaliación continua no módulo se acumúlase un 10% de non asistencias con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe, comunicarse a perda do dereito á avaliación continua.



Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.
Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.
Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

A avaliación inicial do alumnado farase coa información recollida no informe facilitado polo titor ou titora do grupo cos datos do Cuestionario inicial do alumnado (MD.75.ORI.04)

A avaliación inicial do módulo levarase a cabo con un cuestionario de contidos xerais específicos do módulo, incluído a continuación, que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO MÓDULO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN

Nome e apelidos

Data

Curso:

B1.- Qué entendes por expresión e comunicación?

B2.- Qué formas de expresión e comunicación cres que se poden traballar na educación infantil?

B3.- Qué entendes por trastorno da comunicación?

B4.- Qué cres que abarca a literatura infantil?

B5.- Qué é para ti a animación á lectura?

B6.- Qué materiais cres que se poden empregar para traballar a expresión e comunicación con nenos/as?

B7.- Qué entendes por recursos e estratexias para a educación infantil?

B8.- Qué actividades cres que se levan a cabo en infantil para o desenvolvemento da Exp. e a C.

B9.- Qué entendes por actividades globalizadoras de expresión e comunicación?



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15 De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
- Educación do consumidor: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.
- Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico-práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a centros de atención á infancia



Charlas e exposicións con diferentes especialistas en ámbitos de interese para os contidos e desenvolvemento do ciclo formativo como:

Charla exposición a cargo da Federación de sordos sobre Lingua de signos.

Visita as instalacións da ONCE

Asistencia a funcións de títeres para a etapa infantil organizadas na sede do ESGAE

Proxectos de colaboración con outros centros do entorno como:

Sesións de contacontos en diferentes centros como: escolas infantís, CEIP Lamas de Abade, Biblioteca Anxel Casal.

Obradoiros da ciencia en colaboración coas unidades de educación infantil do CEIP Lamas de Abade.

Organización e posta en práctica de diferentes obradoiros relacionados coa alimentación: sesións de contacontos, representacións, e visitas guiadas instalacións do departamento de hostalaría e turismo para os grupos de educación infantil que solicitan a visita ao centro.

Desenvolvemento conxuntamente co módulo de didáctica da educación inafantil de un proxecto sobre as sementes, en colaboración cos centros de educación infantil de 0 a 3 anos: Escola Infantil San Roque, Escola Infantil do Castiñeiriño, e Escola Infantil do Tambre; así como cos centros de atención a infancia de 0 a 6 anos: proxecto educativo Semente, Ludoteca dos Tilos, e Escola Infantil Raiola.

Ademais das actividades complementarias e extraordinarias propostas, o grupo de alumnos participará activamente nas actividades que terán lugar no centro con motivo da celebración de diferentes celebracións ou eventos como: Samaín, entroido, xornadas de literatura infantil, día do libro, día das letras galegas.

TEMAS TRANSVERSAIS

Ademais das competencias establecidas como marco de referencia, ao longo do curso se desenvolverán actividades de xeito transversal ara acadar competencias na comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, eo emprendimento, e a educación cívica, así como o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia personal o social.

Como eixe transversal e globalizador dos aprendizaxes acadados no desenvolvemento das sesións se desenvolverán ao longo do curso diferentes proxectos de colaboración con outros centros en coordinación con outros grupos, e centros do contorno.

Así mesmo se destinará unha das sesións semanais a actividades de animación á lectura, como complemento aos contidos establecidos para o módulo, e co obxectivo de optimizar a competencia lectora do alumnado, como formación a nivel persoal e profesional.

10. Outros apartados

10.1) Elementos transversais

Ademais das competencias establecidas como marco de referencia, ao longo do curso se desenvolverán actividades de xeito transversal ara acadar competencias na comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, eo emprendimento, e a educación cívica, así como o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia personal o social.

Como eixe transversal e globalizador dos aprendizaxes acadados no desenvolvemento das sesións se desenvolverán ao longo do curso diferentes proxectos de colaboración con outros centros en coordinación con outros grupos, e centros do contorno.

Así mesmo se destinará unha das sesións semanais a actividades de animación á lectura, como complemento aos aprendizaxes desenvolvidos nas diferentes unidades didácticas, co obxectivo de optimizar a competencia lectora do alumnado, como formación a nivel persoal e profesional.

Estas actividades inclúesen no total de horas na unidade didáctica II Recursos e estratexias para a expresión: A literatura infantil na etapa de 0 a 6 anos, para a que se establacen un total de 40 sesións das que 12 sesións se desenvolven de xeito transversal ao longo do curso na actividades de "lecturas compartidas", para acadar o obxectivo establecido na programación: empregar o conto como recurso na etapa 0 a 6 anos.

Estas sesións se complementan coas presentacións de bibliografía relacionada co perfil de educador infantil.